

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 10 DE XULLO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dez de xullo de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de

Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as once horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 3 de xullo de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 E FINAL, E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO NO LUGAR DE VILELA”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2023

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 e final correspondente á obra de “Mellora de camiño no lugar de Vilela”, incluída na Liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2023, por importe de CORENTA E OITO MIL TRESCENTOS TRINTA E NOVE EUROS CON

CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (48.339,54 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director da obra Don José Varela Calvo.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES NÉSTOR FERNÁNDEZ S.L., por un importe de 48.339,54 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 2024/23 (FACe), de data 03/07/24, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 9 de xullo de 2024, na que se fai constar que “as obras atópanse executadas, agás vicios ocultos, segundo as prescricións previstas, sendo realizadas baixo o seguimento do facultativo encargado da súa dirección”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe de execución da obra emitido pola dirección facultativa en data 04/07/24.

3.- DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E ACCESOS A NÚCLEOS RURAIS NAS PARROQUIAS DO SALTO, RODEIRO, GUILLAR E ÁLCEME”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2023 (EXPEDIENTE PAS-O 2/2024)

De conformidade co establecido na cláusula 17ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación do contrato administrativo de obras denominado “Mellora e pavimentación de camiños e accesos a núcleos

rurais nas parroquias do Salto, Rodeiro, Guillar e Álceme”, en relación ao disposto no artigo 326 e na DA 2ª, apartado 7, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros da mesa de contratación da obra de “Mellora e pavimentación de camiños e accesos a núcleos rurais nas parroquias do Salto, Rodeiro, Guillar e Álceme” ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: José Luís Camiñas Vázquez, alcalde do Concello.

VOGAIS: José Mª Novo Ramos, secretario-interventor do Concello.

Gerardo Abeledo Iglesias, arquitecto técnico municipal.

SECRETARIO: Francisco J. Lamazares García, funcionario do Concello.

4.- DACIÓN DE CONTA DOS PREMIADOS NO CONCURSO “RODEIRO DE TAPAS. XI XORNADAS DE PROMOCIÓN DA CAZA E DOS PRODUTOS LOCAIS”

A concelleira-delegada de Cultura, Turismo, Patrimonio, Comercio e Sanidade Dona Xulia Dacal Juiz, traslada para coñecemento deste órgano os resultados do concurso da iniciativa “Rodeiro de tapas. XI xornadas de promoción da caza e dos produtos locais”, co seguinte resultado:

Al Premios do xurado profesional (acta de data 29/06/24)

- Puntuacións acadadas polos establecementos participantes:

ESTABLECEMENTO	PUNTUACIÓN MEDIA TOTAL
CASA SÁNCHEZ	19,00
BAR DESITO	18,25
O RECANTO	18,00
PARRILLADA MARANTEIRO	17,25
PUB QUIRÓS	13,00
BAR DACAL	12,50
BRUXAS E CORUXAS	12,50
A ESMORGA	11,00
RESTAURANTE A LATIZA	8,75
PUB GALLAECIA	8,50
CABALOS DO FARO	4,00

- Premios concedidos:

PREMIOS	ESTABLECEMENTO	DENOMINACIÓN DA TAPA
PRIMEIRO	CASA SÁNCHEZ	SOPA FRÍA DE AMÉNDOSAS E COCO
SEGUNDO	BAR DESITO	BOLITA EXPLOSIVA
TERCEIRO	O RECANTO	SABOR LABREGO

B/ Premios do público (reconto efectuado en data 05/07/24)

- Puntuacións acadadas polos establecementos participantes:

	Locais	Nº papeletas con 1 punto	puntos	Nº papeletas con 2 puntos	Puntos	Nº papeletas con 3 puntos	Puntos	Nº papeletas con 4 puntos	Puntos	Nº papeletas con 5 puntos	Puntos	Total Papeletas	puntos	Coefficiente
1.	Parrillada Maranteiro "Capón na cesta"	0	0	1	2	7	21	23	92	157	785	188	900	4,767
2.	Restaurante Latiza "Platillo volante"	0	0	4	8	19	57	47	188	208	1040	278	1293	4,651
3.	Bar Recanto "Sabor labrego"	4	4	2	4	12	36	50	200	206	1030	274	1274	4,650
4.	Bar Oeste. "Bollita explosiva"	2	2	2	4	22	66	80	320	266	1330	372	1722	4,629
5.	Bruxas e coruxas. "Santa Compañía"	0	0	2	4	15	45	61	244	160	800	238	1093	4,592
6.	Casa Sánchez "Sopa fría de améndoas e coco"	6	6	13	26	28	84	42	168	197	985	286	1269	4,437
7.	Pub Quiñs "Limiña de polo"	5	5	11	22	45	135	88	352	167	835	316	1349	4,269
8.	Pub Galicia "Tostelica"	1	1	8	16	43	129	60	240	105	525	217	911	4,198
9.	Os Cabaleiros "Xarrete dos cabaleiros"	5	5	3	6	18	54	20	80	49	245	95	390	4,105
10.	A Esmorga "Cornete de cogomelos"	7	7	22	44	31	93	45	180	109	545	214	869	4,061
11.	Bar Dacal. "Cunil-foi"	2	2	12	24	27	81	18	72	55	275	114	454	3,982

- Premios concedidos:

PREMIOS	ESTABLECEMENTO	DENOMINACIÓN DA TAPA
PRIMEIRO	PARRILLADA MARANTEIRO	CAPÓN NA CESTA
SEGUNDO	RESTAURANTE A LATIZA	PLATILLO VOLANTE
TERCEIRO	O RECANTO	SABOR LABREGO

5.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Elsa González Gallego, traballadora laboral do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, causou baixa laboral por incapacidade temporal, derivada de

enfermidade común, con data 11 de xuño do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2024, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Xuventude, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde en funcións manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por substitución, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ JESSICA FROIZ FERNÁNDEZ, con DNI núm. [REDACTED], a tempo parcial (12,5 horas/semana), polo tempo que dure a situación de baixa por IT da traballadora Elsa González Gallego.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

6.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DO SALTO

VISTO o escrito presentado por Dona María Carmen de Arriba González, veciña da Coruña (RE núm. 1134, do 09/07/24), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de Santo Estevo do Salto celebradas os pasados días 6 e 7 de xullo do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 354,89 € E 61,71 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 24A/939 e 24A/938 (FACe).
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 5.350,68 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de maio de 2024, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 3.136,76 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de maio de 2024, s/recibos.

- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 26,91 € E 7,66 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de xuño de 2024, s/facturas núm. 4004049245 e 4004049247 (FACe).
- MERCAHILBE S.L. 10,72 €
Por subministro de augas para o Concello, s/factura núm. 06000002.
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 467,97 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 825.
- LIMPIEZAS CARMENVASA S.L. 635,25 €
Por traballos de limpeza de edificios e instalacións municipais, s/factura núm. 24/628 (FACe).
- MARÍA ELENA JORGE MATO 75,92 €
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- ALFONSO DOVAL CIDRE 53,40 €
Por gasto de desprazamento para o Concello, s/minuta.
- SOCISER GALICIA S.L.U. 1.935,09 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de xuño de 2024, s/factura núm. A/101 (FACe).
- MARCOS GARCÍA VILLANUEVA 3.810,83 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público municipal, s/factura núm. G-20240043.
- FELIPE LÓPEZ CORRAL 1.560,90 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 862.

- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 454,96 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 48/24.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 418,66 €
Por reparacións eléctricas na piscina municipal, s/factura núm. 47/24.
- FERRODEIRO S.L. 569,57 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 001547.
- VOZ DE GALICIA RADIO S.L.U. 127,05 €
Por publicidade institucional do Concello na emisora Radio Voz por mor da iniciativa “Rodeiro de tapas”, s/factura núm. P24/001008 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)